

## Conselleiro

### A. Suárez Canal

Alfredo Suárez Canal (Allariz, 1951), licenciado en Matemáticas e profesor de educación secundaria, é conselleiro de Medio Rural da Xunta de Galicia desde agosto de 2005, data en que se formou o Goberno de coalición entre socialistas e nacionalistas. Foi deputado no Parlamento galego de 1993 a 2005 polo Bloque Nacionalista Galego (BNG), organización política na que milita desde a súa fundación e da que, na actualidade, é membro do seu consello nacional.

– **¿Cales son as súas previsións este verán en canto a incendios forestais?**

– Creo que os deberes están feitos no que atinxe á Administración: prevención, limpeza do monte, aspectos normativos, vixilancia do monte, un traballo que se vén realizando en coordinación estreita coa Garda Civil, coa Policía etc. Activamos o día positivo un mes antes do que se facía habitualmente e está dotado de mellores medios, porque os estamos renovando con mellor material. Espero que o verán discorra dunha maneira *significativamente diferente* do ano anterior, sobre todo comparándoo con aqueles doce días de agosto nos que houbo un andazo de lumes.


– **¿Hai grandes cambios no operativo e na estratexia respecto do ano pasado?**

– A columna vertebral segue sendo a mesma. É dicir, 19 distritos forestais, a xerarquía de mando con xefe de distrito, xefe provincial etc. É o que xa existía. Este ano o que si hai é un maior traballo de prevención. Sacamos a Lei de prevención para conseguir un maior labor de colaboración cos concellos na limpeza dos núcleos rurais. Hai maior vixilancia, tanto por parte das forzas de seguridade como pola nosa. E algunhas disfuncións que se producían ao haberen dúas Administracións contratantes das brigadas, que son as que en definitiva apagan os incendios, xa non se van producir porque todo o dispositivo se contrata a través da Administración galega. Os cambios son froito da experiencia do ano pasado nunhas circunstancias climáticas excepcionais e co lume pegado ás casas debido á presenza de masas boscosas próximas.

– **¿É posible aplicar políticas estruturais contra os incendios forestais?**

# “A Lei de montes irá ao Parlamento a primeiros de 2008”

LUIS POUSA • SANTIAGO



Alfredo Suárez Canal, conselleiro de Medio Rural, fotografado no seu despacho oficial

Creo que non hai outra solución. Hai que adoptar políticas estruturais que cambien un pouco a fisionomía do monte galego, a relación do monte co medio rural, a ordenación dese monte, a valorización multifuncional do monte. Por aí é por onde todo o mundo político, técnicos, expertos apun-

ta as causas fundamentais. E se damos por bo que o cambio climático vai supoñer un horizonte a medio prazo de máis temperatura e menos humidade, parece evidente que temos que organizar o monte para que en escenarios desas características estea mellor ordenado, mellor valorizado e sexa máis difícil a

súa combustibilidade. Estamos confeccionando leis que poñan en valor o monte e aposten por madeiras de calidade. Temos un plan de biomasa. E o cambio na relación do monte co espazo que circunda o medio rural hai que facelo de forma estrutural. O problema é que os cambios estruturais non se poden levar

a cabo cunha variación máxima da noite para a maná, e moito máis falando das arbores, que teñen ciclos de crecemento que varían segundo as especies, e van desde os 12 anos ata máis dos 25.

– **¿Iso é xa falar dunha política forestal?**

– Si, vaia. Na Lei de prevención dos incendios xa hai bosquecunhas algunhas cousas do que debe ser unha nova política forestal, cun amplo consenso. A finais deste ano queremos ter o texto dunha nova Lei de montes, que articulará unha nova política forestal. Será enviada ao Parlamento no primeiro período de sesións do próximo ano. Somos conscientes de que articular a medio prazo unha política forestal ten que gozar dun amplo consenso, porque non é para catro anos, transcende a un Goberno concreto. Estamos a falar dunha planificación para 35 ou 45 anos e, polo tanto, deben participar nela todos os axentes do sector e todas as forzas políticas con presenza relevante. Temos que ter en conta que o monte en Galicia ten unha valorización pequena para o conxunto do país. Dos dous millóns de hectáreas de monte que temos, 1,3 millóns están arborizadas, e delas, só 400.000 hectáreas están ordenadas consonte cunha planificación con políticas silvícolas, plantacións etc.

– **Falaba vostede antes de utilizar a biomasa para producir enerxía eléctrica. ¿Está de acordo cos ecoloxistas galegos en que non se debe abusar da súa extracción, porque tamén o bosque precisa desa biomasa para rexenerarse?**

– Todos sabemos que nun determinado momento, no que a enerxía hidroeléctrica é moi rendible e con poucos custos de mantemento, en todos os ríos galegos se levantaron encoros e centrais hidroeléctricas. Eses encoros de facerse dunha forma planificada, poderíanse aproveitar para outros usos, como abaste cemento de auga ás poboacións regadías etc. Isto é o que temos que aprender do pasado, para que no aproveitamento do monte non prime exclusivamente a valorización enerxética. O monte galego é un enorme potencial de produción forestal, de produción de madeira e de madeira de calidade. Hai moita economía que vive diso e que pode vivir aínda máis. O aproveitamento da biomasa ten que facerse cun carácter sustentable no ambiental e no económico. O cal quer dicir que, en ningún caso, se pode detraer do monte máis biomasa da que o mesmo monte produce.


“Espero que este verán discorra diferente daqueles doce días de agosto nos que houbo un andazo de lumes”

“Este ano existe un maior traballo de prevención de incendios e maior vixilancia por parte das forzas de seguridade”

“Temos que organizar o monte para un escenario a medio prazo con máis temperatura e con menos humidade”

“Unha política forestal debe gozar dun amplo consenso, porque non é para catro anos, senón para 35 ou 45”

“O aproveitamento da biomasa ten que ser sustentable: non se detraerá do monte máis biomasa cá que produz”



– **¿Como van os proxectos de bioetanol?**

– Os proxectos de bioetanol basicamente teñen que ver coa Consellería de Industria.

– **¿Pero non incumbe a Medio Rural no que se refire aos cultivos destinados a producir bioetanol e mais biodiésel?**

– Esa é a cuestión. O bioetanol utiliza cereais como materia prima e o biodiésel, oleaxinosas (colza, palma, soia etc). Deica agora, a maioría destas materias primas impórtanse pero, en todo caso, este tipo de cousas hai que facelas cun certo grao de equilibrio, para que non acaben provocando un desaxuste no prezo do alimento do gando. Porque, se en termos de prezos é máis favorable producir cereais para o bioetanol que para o penso do gando, acabaremos cos alimentos. A vertente economicista hai que sometela ao equilibrio doutras variables que cómpre ponderar.

No caso do bioetanol, nosoutros estamos realizando estudos para ver se cabe a posibilidade, sen modificar os usos da terra dedicados a forraxe, a herba e a millo para o gando, de que se puidese dedicar terra abandonada ós cultivos que necesita. Deste xeito, aumentaríamos a base territorial transformada. Aquí xa hai algunha planta de produción de bioetanol e hai proxectos solicitando novas plantas, que están sendo supervisados pola Consellería de Industria. Desde logo, Galicia ten que estar na batalla emprendida pola Unión Europea de substituír o petróleo por combustibles renovables.

– **¿Hai demanda de produción de novos cereais en Galicia?**

– Non. Entran doutras zonas a prezos moi baixos. Requiren grandes extensións de terreo e unhas condicións de aproveitamento para seren economicamente viables.

– **¿No sector lácteo, tendo en conta o proceso de redimensionamento e concentración das explotacións, é posible conseguir que a produción láctea conviva con outras producións nunha mesma explotación e non sexa un monocultivo?**

– No sector lácteo hai explotacións moi profesionalizadas, con moita base territorial e cunha cota elevada. Hai explotacións de tamaño medio, que poden ser viables con base nunha alimentación de herba e de forraxe non dependente de insumos externos. E hai un terceiro tipo de explotación que non é viable para os produtores dedicados exclusivamente á produción de leite, pero que si pode ser viable com paxinando o leite coa transfor-

mación dos seus derivados, coa produción de carne e cos aproveitamentos forestais. En Galicia, hai sitio para estes tres tipos de explotación, e temos que aspirar a que a maioría das explotacións xa existentes manteñan a súa actividade, pese ao envellecemento da poboación e á falta de persoas que as substitúan á fronte delas.

– **¿O sector agrario debe evolucionar definitivamente cara a unha concepción de sector agroalimentario ou debe ir máis alá e introducir as variables de ambiente, paisaxe, turismo etc?**

– Todas esas variables con complementarias. Non canso de repetir que non debemos perder de vista o feito de que no rural se producen alimentos e madeira. Alimentos e madeira foron importantes no pasado, son importantes no presente e serán importantes no futuro. Ademais, é absolutamente tranoitado asumir que un medio rural ben valorizado, ben dimensionado, con xente vivindo nel con rendas dignas, sexa un síntoma de atraso. Non hai ningún país do planeta que non teña claro que a produción de alimentos e de madeira teñen un carácter xeoestratéxico e xeopolítico. Nosoutros temos un país que é enormemente privilexiado niso, pois podemos producir alimentos de gran calidade: carne, leite, viño, algúns derivados da horta... Tamén temos moita capacidade para producir madeira e para producir madeira de gran calidade, e a capacidade de rexeneración dos nosos montes salta á vista.

– **¿Entón, dígame que é o que nos falta?**

– Valorizalo social e colectivamente como país. Polo tanto, proporcionándolle un valor engadido, dedicando esforzos á investigación e á innovación, e facendo o posible por pechar aquí os ciclos produtivos da alimentación e no sector da madeira ir á segunda transformación.

– **¿É incorpora o ambiente, a paisaxe e o turismo?**

– É importante que teñamos claro que no rural a xente ten que vivir de forma digna. Se a iso lle engadimos que todos debemos ter a conciencia clara de que somos usufrutuarios do ambiente que nos toca vivir, e non os seus donos, e de que estamos obrigados a legarllelo ós nosos fillos e ós nosos netos en condicións mellores das que presentaba cando nolo legaron a nós, non cae ningunha dúbida de que o medio natural é un valor que cómpre ter en conta cada vez máis. De maneira que todas as externalidades negativas que

producen a agricultura e a ganadería temos que corrixilas con investigación e con traballo. Para mellorar a renda da xente que vive da actividade rural, aínda que sen perder de vista que o importante é a produción de alimentos e a de madeira, hai que poñer en valor o turismo e o enorme patrimonio paisaxístico e ambiental que ten Galicia.

– **¿Medio Rural ten algunha política específica para recuperar o cultivo de cereais vinculados ás dietas e ás boas prácticas alimentarias?**

– Nosoutros estamos poñendo en marcha cambios estruturais que permitan que unha parte da terra que ten vocación produtiva, e agora está abandonada, se poña a producir. A Lei do banco de terras vai marcar un antes e un despois no que é a mobilidade do mercado de terras en Galicia. E iso contempla a posibilidade de producir outro tipo de cultivos, que esperamos que empencen a evolucionar pola propia dinámica do mercado e das empresas.

– **¿Como está a cuestión da gripe aviaria?**

– Creo que a mellor información sobre algunhas cuestións é que non haxa información. Non porque se agoche a opinión pública, senón porque non hai noticia. Os controis están funcionando, esporadicamente seguen aparecendo casos de presenza de H5N1 en zonas do interior de Europa, pero non estamos nun momento de emigración das aves. Aínda así, non estamos libres de que unha destas aves salvaxes faga un voo ocasional a unha distancia indeterminada. Nosoutros temos os controis activados e os cidadáns poden ter a seguridade de que se hai algún caso estamos en condicións de responder. Non é cuestión de alarmarse, senón de todo o contrario, porque non haxa noticias ao respecto.

– **¿Facer política agraria obriga a facer política de rendas?**

– Entre outras cousas, obriga a facer unha política pensada na xente que vive no medio rural, tendo en conta que se pode producir unha redución brutal do número de explotacións ao non haber renuda xeneracional e quedaren abandonadas. Esta situación só se corrixo conseguindo que as actividades agraria e gandeira xeren rendas para vivir dignamente.

– **¿Galicia terá que acudir á inmigración para paliar o despoboamento do campo?**

– É moi probable que haxa que acudir á inmigración como unha medida de choque para modificar a situación de falta de brazos que ten o medio rural.

“Se en termos de prezos é máis favorable producir cereais para bioetanol que para o gando, acabaremos cos alimentos”

“Non canso de repetir que o noso rural ten que producir alimento e madeira, achegándolle valor engadido”

“Somos usufrutuarios do medio no que nos toca vivir, e debemos legarllelo ós netos nas mellores condicións”

“A Lei do banco de terras marcará un antes e un despois no que é a mobilidade do mercado de terras en Galicia”

“É moi probable que haxa que acudir á inmigración como medida de choque para o medio rural galego”